

CURSO DE ACCESO E FORMACIÓN CONTINUADA EN VIOLENCIA DE XÉNERO



ANIVERSARIO
175
AVOGACÍA COMPOSTELÁ
1844-2019



Ilustre Colexio
de Avogados
de Santiago
de Compostela



USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA
SANTIAGO DE COMPOSTELA



XUNTA DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

VICEPRESIDENCIA
DEL GOBIERNO
MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA, RELACIONES CON LAS CORTES
E IGUALDAD

Organiza: Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela
Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela

Dirixido a: Avogados/as do ICA de Santiago que desexen incorporarse á quenda de oficio de violencia de xénero. Membros das Forzas e Corpos de Seguridade, psicólogos/as, traballadores/as sociais, criminólogos/as. Outras persoas interesadas.

Datas: 21, 23 e 28 de maio, 4, 6, 11, 13, 18, 20 e 25 de xuño de 2019

Horario: 19:00 a 22:00 h

Lugar: Salón de graos da facultade de dereito

Certificado de asistencia e aproveitamento: O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela entregará a correspondente certificación de asistencia e aproveitamento que se estima suficiente para o acceso á quenda de oficio de violencia de xénero.

O devandito certificado entregarase ás persoas que asistan a cando menos o 80 % das horas de que consta o curso e demostren un aproveitamento.

PROGRAMA

MARTES, 21 DE MAIO DE 2019

18:45 h **Acreditación e recollida de documentación**

19:00 h **Inauguración do curso**

Módulo I Perspectiva socio-psicolóxica e vitimolóxica da violencia de xénero

19:15 h **Aspectos xerais da violencia de xénero**

Causas, orixes, manifestacións e consecuencias. Igualdade de oportunidades, xénero e violencia de xénero: roles, estereotipos, prexuízos e discriminación. Formas de violencia contra a muller. O tratamento das informacións sobre a violencia. Marco normativo. Aspectos que destacar do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

BEGOÑA RIVEIRA BARROS. Avogada. Asesora xurídica do CIM dos concellos de Arzúa e de Coirós

20:15 h **Intervención profesional con mulleres vítimas de violencia de xénero**

Características psicolóxicas das vítimas de violencia de xénero. Vínculos entre o maltratador e a vítima. A violencia psíquica. Consecuencias psicosociais da violencia de xénero nas mulleres. Pautas que ter en conta para atender unha muller maltratada. Estratexias psicolóxicas e sociais necesarias para unha boa relación profesional coas vítimas de violencia de xénero. A formación especializada.

FELISA BALBOA CARDOSO. Psicóloga clínica do CIM do Concello de Vigo

XOVES, 23 DE MAIO DE 2019

Módulo II Actuación policial e da avogacía ante a violencia de xénero

19:00 h **A actuación policial ante a violencia de xénero**

Grupos especializados de Policía e Garda Civil. Protocolos de actuación e coordinación, en particular, Protocolo CGAE – Forzas e Corpos de Seguridade). O atestado policial: contido mínimo (datos que recoller), primeiras actuacións (entrevista, informacións, etc.), dilixencias que o conforman (declaracións, verificación e comprobación, detención, incautacións, antecedentes, informes), pautas que seguir na súa elaboración. Valoración do risco das vítimas no ámbito policial. Sistema VIOGEN. Remisión do atestado ao xulgado; vías telemáticas. Control e seguimento das medidas xudiciais de protección e aseguramento (medidas, riscos, informes, etc.).

MARTA GARCÍA MARTÍNEZ. Inspectora-xefa de Seguridade Cidadá da Comisaría do CNP de Santiago. Foi inspectora-xefa do Grupo UFAM da Comisaría do CNP A Coruña
CALIXTO MANUEL ALBOJA VERDES. Brigada. Punto de Atención Especializada do Equipo de Policía Xudicial da Garda Civil (Carballo)

20:15 h **As Oficinas de Atención ás Vítimas dos Servizos Comúns de Atención ao Cidadán e Asistencia á Vítima dependentes dos decanatos dos xulgados**

IRIA GORGOSO VILLAMARÍN. Psicóloga da OAV dos Xulgados de Santiago de Compostela

20:30 h **Asistencia xurídica ás vítimas de violencia de xénero. Guía de Boas Prácticas**

Lei e Regulamento de asistencia xurídica gratuíta. Quenda de oficio e asistencia xurídica gratuíta: especialidades e funcionamento da quenda de violencia de xénero no ICA de Santiago. Tramitación e xustificación do avogado/a de oficio en asuntos de violencia de xénero. “Guía de boas prácticas do avogado/a da muller vítima de violencia de xénero”. Defensa xurídica e estatuto legal da vítima. Intervención do avogado/a nos procesos de violencia de xénero: protocolo que seguir, a denuncia, o estatuto da vítima, a orde de afastamento e a de protección, problemas de representación, etc.

PATRICIA LÓPEZ ARNOSO. Avogada do ICA Santiago (deputada 4ª da Xunta de Goberno e coordinadora da Quenda de Violencia de Xénero do ICA).

MARTES, 28 DE MAIO DE 2019

Módulo III Órganos xurisdicionais competentes en violencia de xénero e actuacións propias da fase de instrución

19:00 h **Competencia e procesos**

A competencia obxectiva, funcional e territorial nos casos de violencia de xénero. Xulgados de garda, xulgados de instrución e xulgados de violencia sobre a muller; a problemática dos xulgados mixtos. Competencia relativa aos quebrantamentos, impagamento de pensións, etc. Perda da competencia dos órganos xudiciais civís. Procedementos penais: os xuízos de delitos leves e os xuízos rápidos no ámbito da violencia de xénero. O proceso abreviado e outras modalidades procesuais.

RICARDO ANTONIO LÓPEZ FERNÁNDEZ. Maxistrado do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución Nº 1 -XVM- da Estrada (Pontevedra)

20:15 h **A fase de instrución**

Recepción do atestado policial e principais dilixencias xudiciais: toma de declaracións, informes médicos, informe das Unidades de Valoración Integral, exploración de menores, etc.

Actuacións que ter en conta: situación do agresor e da vítima. Informes médicos, psicolóxicos e sociais. Outras dilixencias necesarias. Medidas cautelares e de protección ás vítimas de violencia de xénero, en particular, a orde de protección ás vítimas: procedemento e contidos. Conformidade e xuízo rápido. Dilixencias previas, apertura do xuízo oral e resolución sobre adopción, modificación, suspensión ou revogación das medidas solicitadas polo Ministerio Fiscal ou a acusación particular. Probas preconstituída e anticipada.

ANDRÉS LAGO LOURO. Maxistrado. Xuíz decano dos Xulgados de Santiago de Compostela (Xulgado de Instrución Nº 3 -XVM-)

MARTES, 4 DE XUÑO DE 2019

Módulo IV Funcións e actuacións do médico forense na violencia de xénero e a tipificación penal das condutas

19:00 h *A avaliación do risco polas Unidades de Valoración Integral forense da violencia de xénero. A proba da violencia física*

Parte de lesións e informe médico. O médico forense nos supostos de violencia de xénero. Valoración urxente do risco de violencia de xénero. Factores de risco que se producen con ocasión de determinados feitos (embarazo, fin da relación, entrega e recollida de fillos, inicio dunha nova relación, etc.). Factores de risco no agresor. Factores de risco na vítima. Diagnóstico de perigosidade emitido polo médico forense e polo psicólogo. Protocolos de actuación. A proba da violencia física e dos danos corporais na violencia de xénero.

BERTA RODRÍGUEZ MARTÍNEZ. Médico forense do Imelga (Subdirección territorial da Coruña). Membro da Comisión Permanente de Violencia de Xénero da Audiencia Provincial da Coruña

20:15 h *Tipos penais e penas no ámbito da violencia de xénero*

Tipos de delitos e principais problemas interpretativos que formulan. As circunstancias modificativas da responsabilidade penal na violencia de xénero; a agravante de xénero. O concurso de delitos. Particular atención á xurisprudencia máis relevante. Criterios da Fiscalía. Tipos de penas. O quebrantamento das penas e das medidas de seguridade e o consentimento da vítima: criterios de solución.

RAQUEL ÁLVAREZ BARREIRO. Fiscal da Fiscalía da Área de Santiago de Compostela

XOVES, 6 DE XUÑO DE 2019

Módulo V A violencia psíquica e a perspectiva de xénero no procedemento penal

19:00 h *A violencia psíquica e a súa proba pericial*

Actuacións dos psicólogos forenses. Tipoloxía das valoracións periciais solicitadas na violencia de xénero. A valoración da violencia psicolóxica. Suxeitos obxecto de intervención. Características psicopatolóxicas das vítimas. Inexistencia de perfil. Metodoloxía de avaliación psicolóxica forense. A abordaxe e estratexias de valoración da vítima especialmente vulnerable.

Dificultades e retos.

PAULA SOUTO CASTRO. Psicóloga forense do Imelga (Subdirección territorial de Santiago)

20:15 h *A perspectiva de xénero no proceso penal*

Relacións asimétricas e patróns estereotípicos de xénero. A perspectiva de xénero na elaboración, interpretación e aplicación do Dereito penal. Análise do seu alcance. Xurisprudencia máis novidosa.

MARÍA MARTÍN GÓNZALEZ. Avogada do ICA de Oviedo (Responsable da Comisión de Igualdade e Quenda de Violencia de Xénero do ICA de Oviedo)

MARTES, 11 DE XUÑO DE 2019

Módulo VI Violencia de Xénero e novas tecnoloxías

19:00 h *Os delitos de violencia de xénero cometidos a través das TICs*

Especial referencia aos delitos cometidos a través dos novos medios tecnolóxicos. As redes sociais. A cibercriminalidade de xénero: stalking ou acoso, sexting, sextorsion, cyberbullyng, suplantación de identidade, etc.

ELVIRA TEJADA DE LA FUENTE. Fiscal de Sala do Tribunal Supremo (Coordinadora nacional en materia de criminalidade informática)

20:15 h *A proba nos delitos de violencia de xénero e contra a liberdade sexual cometidos a través das TICs*

Redes sociais, correo electrónico, WhatsApp ou mensaxería instantánea, foros, blogs, etc. Dificultades probatorias relativas á comisión do delito e á súa autoría. Técnicas de investigación. Achega da proba tecnolóxica.

Fiabilidade e valoración.

SANTIAGO REBOIRAS MARTÍNEZ. Inspector-xefe do Grupo de Delincuencia Económica e Tecnolóxica da Unidade de Delincuencia Económica e Fiscal da Brigada Provincial de Policía Xudicial do CNP da Coruña

JUAN CARLOS BLANCO BLANCO. Equipos de Delitos Informáticos e Tecnolóxicos da UOPJ da Garda Civil (A Coruña)

XOVES, 13 DE XUÑO DE 2019

Módulo VII A perspectiva civil da violencia de xénero e outros tipos de vítimas

19:00 h *A tutela civil fronte á violencia de xénero*

Consecuencias patrimoniais da ruptura: a violencia económica. Atribución da garda e custodia dos fillos e do réxime de visitas e comunicación en supostos de violencia de xénero. Competencia do XVM. O procedemento contencioso de familia. Medidas cautelares. Medidas previas e provisionais. Demanda de separación e divorcio. Modificación de medidas. Aspectos substantivos e procesuais. Parellas de feito. Xuízo verbal de garda e custodia. Problemas na execución civil de resolucións xudiciais nos procesos por violencia de xénero (especial incidencia das sentenzas civís competencia dos XVM e a súa execución). Recursos. Procedementos de xurisdición voluntaria en materia de familia ante o XVM.

Regulación en materia de familia pola Comunidade Autónoma de Galicia.

LUZ BLANCO VIDAL. Avogada do ICA Santiago

20:15 h *Os menores como vítimas. Responsabilidade civil en violencia de xénero*

Os menores como vítimas na violencia de xénero: análise das diferentes situacións. A violencia de xénero nos adolescentes. A responsabilidade civil. A trata de seres humanos.

PILAR FERNÁNDEZ PÉREZ. Fiscal da Fiscalía da Área de Santiago de Compostela

MARTES, 18 DE XUÑO DE 2019

Módulo VIII O axuizamento e a execución na violencia de xénero

19:00 h *A etapa de xuízo oral*

Escritos de acusación e de defensa. O concurso de delitos. A responsabilidade civil. O axuizamento dos delitos de violencia de xénero ante os xulgados do penal. Evolución xurisprudencial. A proba. Testifical. Conflito entre o dereito de defensa e o testemuño da vítima. A dispensa de declarar. Exploración de menores. Proba pericial psicolóxica, o informe médico-forense e o informe das Unidades de Valoración Integral. A proba electrónica. A sentenza: penas máis habituais (principal e accesorias). Os recursos. Revisión da proba na segunda instancia.

CARLOS SUÁREZ-MIRA RODRÍGUEZ. Maxistrado (en comisión de servicios) da Audiencia Provincial da Coruña. Foi maxistrado do Xulgado de Violencia sobre a Muller (X. Instruc. Nº 2) en Ferrol e é titular do Xulgado do Penal Nº 2 de Ferrol

21:00 h *A execución das sentenzas de condena e posibles incidentes*

A execución das sentenzas penais. Aplicación, substitución, suspensión e control das penas. Os traballos en beneficio da comunidade e a localización permanente. Medidas de seguridade en protección da vítima. Problemática do indulto. A execución da condena: permisos de saída, a reincidencia dos condenados por violencia de xénero, etc. Substitución de penas. Suspensión condicional da pena. Quebrantamento de condena. Pena de afastamento e reconciliación da parella. A intervención da vítima na execución.

LORENA LÓPEZ MOURELLE. Maxistrada (xuíza de adscrición territorial do TSX de Galicia) de reforzo da Audiencia Provincial da Coruña. Foi xuíza de instrución en Ribeira, Santiago e Lugo

XOVES, 20 DE XUÑO DE 2019

Módulo IX A perspectiva asistencial da violencia de xénero

19:00 h *Recursos dispoñibles en Galicia para o tratamento da violencia de xénero*

BELÉN LISTE LÓPEZ. Subdirectora xeral para o tratamento da Violencia de Xénero. Xunta de Galicia

20:00 h *Perspectiva laboral*

Competencia. Dereitos laborais e de seguridade social das vítimas de violencia de xénero na Lei integral. Reclamación contra a denegación da empregadora. Breve referencia ao proceso laboral. Dereitos das funcionarias públicas.

MAR RODRÍGUEZ LÓPEZ. Avogada do ICA Santiago

21:00 h *Perspectiva administrativa e vítimas extranxeiras*

Reclamacións ante a Administración. Competencia. O procedemento administrativo e contencioso-administrativo. Fondo de axuda a vítimas de delitos violentos. Fondo de garantía de pagamentos de alimentos. A muller estranxeira vítima de violencia de xénero: protección e dereitos.

SONIA CANAY PAZOS. Avogada do ICA Pontevedra

MARTES, 25 DE XUÑO DE 2019

Módulo IX Taller práctico de violencia de xénero

Ponentes: Fiscal e letrados/as especializados en violencia de xénero